



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Vías e Obras

Referencia: DP0046 / 2025

Expediente convocatoria: 2025000041670

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 60212 DE 18 DE DECEMBRO DE 2025 POLA QUE SE AVOCA COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO E DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA MUNICIPAL NO ANO 2025 (DP0046/2025).

Don **VALENTIN GONZALEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Mediante resolución número 2025/59173 de 12 de decembro de 2025, resolveu avocar a competencia para a aprobación das bases reguladoras e se aproban as bases e a convocatoria do programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025 (DP0046/2025). As bases reguladoras foron publicadas no BOP o 24 de decembro de 2025.

A aprobación e publicación das bases coincidiu co remate do exercicio orzamentario correspondente ó ano 2025, no que os concellos afectados xa tiñan aprobado o novo orzamento do exercicio 2026. Tamén é conveniente considerar a dificultade para a tramitación dun expediente de modificación de crédito por parte destes concellos antes da data límite de presentación de solicitudes,

Por outra banda, hai que ter en conta que existen numerosas convocatorias de subvencións provinciais a concellos no que o financiamento das distintas actuacións supón o 100% das actividades ou investimentos a realizar.

Por elo procede modificar os datos do programa publicados nas bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa extraordinario de subvencións a Concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025 (DP0045/2025)

Por outra banda co fin contar con tempo suficiente os Concellos na tramitación da documentación que deben presentar, cómpre ampliar o prazo de presentación de solicitudes ata as 14 horas do día 27 de febreiro de 2026.

Por todo elo o Servizo de Vías e Obras propón a modificación da Resolución 2025/60212 de 18 de decembro de 2025 pola que se modifica a Resolución número 2025/59713 de data 12 de decembro de 2025 pola que se avoca a competencia para a aprobación das bases reguladoras e se aproban as bases e a convocatoria do Programa extraordinario de subvencións a Concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025 (DP0046/2025)

Consistirá a modificación da resolución 2025/60212 de 18 de decembro de 2025 pola que se modifica a resolución número 2025/59713 de 12 de decembro de 2025 pola que se avoca a competencia para a aprobación das bases reguladoras e se aproban as bases da convocatoria do programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025 (DP0046/2025), en relación aos datos referidos ao importe solicitado e o coeficiente de financiación.

No sentido de:

Onde dí:

O prazo de solicitude iniciárase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14 horas do 30 de xaneiro de 2026...

Debe dicir:

O prazo de solicitude iniciárase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14 horas do 27 de febreiro de 2026...

Onde dí:

Importe solicitado	Como máximo o 80% do orzamento de gastos
Coeficiente de financiamento	Até o 80% (coeficiente 0,8)

Debe dicir:

Importe solicitado	Como máximo o 100% do orzamento de gastos
Coeficiente de financiamento	Até o 100% (coeficiente 1,0)

Polo tanto o texto definitivo da Resolución é o seguinte:

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa extraordinario de subvencións a

**RPT-21603607

concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025", e vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14 horas do 27 de febreiro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Servizo de Vías e Obras

ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025, cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA REALIZAR ACTUACIONES DE INVERTEMENTO E DE CONSERVACION NA REDE VIARIA MUNICIPAL NO ANO 2025 (DP0046/2025)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Vías e Obras
Anualidade	2025
Denominación	Programa extraordinario de subvencións para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal
Beneficiarios	Os concellos da provincia da Coruña sen vías provinciais
Programa	DP0046/2025
Aplicación orzamentaria	0410/4532/76201
Importe da convocatoria	300.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder por actuación	Como máximo o importe solicitado
Importe solicitado	Como máximo o 100% do orzamento de gastos
Coeficiente de financiamento	Até o 100% (coeficiente 1,0)
Gasto anticipado	Non

Exposición de motivos

As vías de comunicación terrestres constitúen un elemento esencial para o progreso económico e social das zonas polas que discorren. Dende a Deputación da Coruña faise anualmente un importante esforzo orzamentario para que as estradas da súa titularidade se atopen no mellor estado posible co obxecto de diminuír a siniestralidade viaria e contribuír ó citado progreso económico e social.

Non obstante, na provincia da Coruña existen concellos que non se ven beneficiados deste tipo de actuacións provinciais, dado que por eles non transcorre ningunha vía provincial. Por

iso, e de cara a lograr un maior equilibrio co resto dos municipios, establécese, con carácter extraordinario, este programa.

Os concellos destinatarios desta liña poderán utilizar a cantidade asignada nos seguintes tipos de actuacións, sempre en viais de titularidade municipal:

- Construcción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade.
- Ampliacións de calzada e melloras de trazado.
- Eliminación de puntos negros.
- Tarefas de conservación
- Melloras de sinalización e balizamento nas estradas municipais.
- Rehabilitación e mellora de firmes.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, modificado polo Decreto 51/2023, do 11 de maio.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 1: "Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal", e ao seus obxectivos operativos O.1 (Asegurar a prestación por parte dos municipios dos servizos de competencia municipal, individualmente ou en asociación), O.2 (Favorecer as dotacións de equipamentos e infraestruturas necesarias para a prestación de servizos), O.3 (Contribuír á mellor optimización e conservación de instalacións e infraestruturas) e O.4 (Mellora da situación financeira das entidades locais na provincia), mediante o apoio directo á realización de obras en estradas municipais

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1. Obxecto

As axudas obxecto da presente convocatoria financian a realización de actuacións na rede viaria de titularidade municipal dos concellos polos que non discorren vías de titularidade provincial.

A finalidade da convocatoria é a de mellora das vías de comunicación rodada nos concellos afectados.

2.2. Ámbito temporal e prórroga

O período subvencionado comprende entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de setembro de 2026.

No suposto de que a entidade beneficiaria non teña finalizadas as obras a 31 de outubro de 2026, deberá solicitar antes desta data, unha prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

A estes efectos, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o prazo de execución da obra, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo aprobarase por Resolución da Presidencia, polo prazo imprescindible para a finalización das obras.

2.3. Tipos de actuacións obxecto da subvención

Contémpnanse as seguintes actuacións

- Construción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade.
- Ampliacións de calzada e melloras de trazado.
- Eliminación de puntos negros.
- Tarefas de conservación
- Melloras de sinalización e balizamento nas estradas municipais.
- Rehabilitación e mellora de firmes.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa os concellos da provincia da Coruña que cumpran os requisitos establecidos nestas bases específicas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
211	Construcións
212	Instalacións técnicas
216	Mobiliario
219	Outro inmovilizado material

A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, **non serán subvencionables** os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non son compatibles con recursos procedentes do POS+ nin con calquera outra axuda procedente da Deputación.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Cada concello poderá presentar unha única solicitude de actuación dentro do prazo da convocatoria. En todo caso, cada actuación valorarase de forma independente e individualizada segundo os criterios específicos de puntuación das ofertas.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1.- Ámbito local.

Pertencer á administración local da provincia da Coruña.

7.2.- Obrigas económicas.

Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.3.- Difusión do apoio da Deputación.

Facer constar de xeito visible a colaboración do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír a marca do Servizo de Vías e Obras da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque axeitadamente.

Os beneficiarios da subvención deberán fixar obrigatoriamente, ao comezo da execución das actuacións financiadas e ata a terminación destas, un cartel indicativo das obras a realizar onde figure que se corresponde cunha subvención da Deputación Provincial da Coruña.

Comunicarlle á Presidencia da Deputación da Coruña e ó Servizo de Vías e Obras, con carácter previo, a presentación das actuacións subvencionadas e campañas de promoción relacionadas.

7.4.- Transversalidade de xénero.

Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

7.5.- Lingua galega.

Utilizar, na comunicación e na produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) á que dea lugar toda a actividade ou investimento subvencionado pola Deputación da Coruña, a lingua galega (segundo o disposto na Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, BOP 186 do 29 de setembro de 2017).

7.6.- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.7.- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

7.8.- Contratación das obras Na condición de promotor, corresponderalle a cada concello a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto.

No procedemento de contratación, deberán axustar toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

Deberán tramitar os contratos mediante o procedemento aberto como regra xeral, nos termos establecidos na Lei 9/2007, de contratos do sector público, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei, o que deberá quedar motivado no expediente.

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

Non entanto, poderán utilizar o contrato menor, no caso de que o o valor estimado sexa inferior a 15.000 € (IVE excluído) nos contratos de servizos ou subministracións, ou inferior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras e de duración inferior a un ano en ámbolos dous casos. Neste suposto deberán solicitar polo menos, tres ofertas de distintas empresas provedoras ou alternativamente, publicar a licitación na Plataforma.

7.9- Execución de obras

A dirección e a execución das obras realizaráas a entidade local correspondente, de conformidade co proxecto técnico da obra, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice os controis adicionais de calidade das obras que considere convenientes.

Se durante a execución das obras xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra inicialmente aprobado, por causas non imputables á beneficiaria e debidamente xustificadas, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei de Contratos do Sector Público e redactar un proxecto modificado, que deberá remitir á

Deputación, con anterioridade á súa aprobación polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado íntegramente polo concello.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e será aprobada por resolución da presidencia, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigos 20 a 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no que sexa de aplicación.

O importe máximo da convocatoria será prorrateado entre os concellos solicitantes dacordo cos criterios de ponderación indicados no seguinte punto.

Unha vez examinadas as solicitudes e co informe técnico do Servizo de Vías e Obras favorable, a xefatura do servizo instrutor, en función do resultado do prorrato, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

8.2 Criterios de ponderación

Para a ponderación das solicitudes desta convocatoria seguirase a seguinte fórmula:

Peso quilómetros: $P_{km} = 0,6 * \text{Total km vías municipais de todos os solicitantes}$

Peso núcleos: $P_{nucleos} = 0,4 * \text{Total nº de núcleos de todos os solicitantes}$

Peso total: $P_{total} = P_{km} + P_{nucleos}$

Solicitante: S_i

Peso solicitante: $P_{S_i} = P_{km_{S_i}} + P_{nucleos_{S_i}} =$

$0,6 * \text{Total km vías municipais do solicitante} + 0,4 * \text{Total nº núcleos do solicitante}$

Factor solicitante: $F_{S_i} = \frac{P_{S_i}}{P_{total}}$

Importe máximo por solicitante: $\text{Importe total da convocatoria} * F_{S_i}$

En calquera caso o importe concedido non poderá ser superior ao importe solicitado.

Os datos para establecer o importe máximo por solicitante obteranse polo servizo instructor da EIEL (Encosta sobre infraestruturas e equipamentos locais).

8.3 Reparto por concellos

Coa aplicación da fórmula anterior, obtéñense os seguintes importes por concello:

Importe Total	300.000,00 €		P_total	211,042			
<i>Concello</i>	<i>qm. vias municipais</i>	<i>P_km</i>	<i>nº nucleos</i>	<i>P_núcleo s</i>	<i>P_s</i>	<i>F_s</i>	<i>Importe máximo concello</i>
A Capela	101,07	60,642	60	24	84,642	0,4010670862	120.320,13 €
Carnota	110,95	66,57	30	12	78,57	0,372295562	111.688,67 €
Fistera	71,05	42,63	13	5,2	47,83	0,2266373518	67.991,21 €
<i>Totais</i>	283,07	169,842	103	41,2	211,042	1	300.000,00 €

Base 9. Xustificación e pago

As subvencións, salvo nos casos de anticipo, aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

9.1 Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 30 de novembro de 2026, salvo que se teña concedido unha prórroga.

9.2 Xustificación e pagamento da achega

9.2.1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra.

Polo tanto, previa solicitude da entidade local beneficiaria, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol do concello, unha vez que presente

ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (que se detalla no axexo - xustificación):

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado.
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato de obras.
- Acta de comprobación da implantación.
- Relación detallada de todos os ingresos.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a base 7.2 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

9.2.2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación que se detalla no anexo relativo á documentación xustificativa.

Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tanto, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida procederase nos termos regulados no artigo 30.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias. Neste caso, de terse recibido un anticipo deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución da concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao disposto na Lei 38/2007, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

O incumprimento dos prazos na **presentación das solicitudes** de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

En todo caso, será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións e compromisos:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás entidades solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nestas bases.
- A entidade que represento comprométese a adecuarse á normativa xeral de contratación pública que lle sexa aplicable.
- A entidade que represento comprométese a comunicarlles aos servizos técnicos da Deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data da sinatura da acta de recepción e da acta de reformulo, co obxecto de posibilitar a asistencia.
- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de dez anos.
- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas o, cando sexa necesario.
- No caso de solicitar subvención para unha fase independente da obra, a entidade que represento declara que conta con financiamento suficiente para finalizar a dita fase e que será susceptible de utilización independente.

Documentación:

1. Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia, no seu caso, no que se especifique o alcance de dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
2. Certificación acreditativa do acordo de solicitude adoptado polo órgano municipal competente.
3. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da

Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

4. No caso de obras:

a. Proxecto técnico: memoria, plano de conxunto e de detalle, orzamento detallado de execución, estudo xeotécnico, estudo de seguridade e saúde, declaración de obra completa e demais documentación preceptiva de acordo coas normas contractuais ou sectoriais de aplicación.

b.

c. Informe técnico individual do proxecto presentado, no que se indique expresamente o seguinte:

i. A dispoñibilidade dos terreos, as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente.

No caso de ser necesarias autorizacións, deberá achegarse informe técnico no que se indique se o proxecto cumpre coas condicións contidas, de ser o caso, na dita autorización.

ii. Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo unha copia á deputación, ou si solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao disposto no artigo 235 da dita Lei de Contratos do Sector Público.

iii. No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

iv. No informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración “non pode dividirse en lotes” que teñan o carácter de “investimento completo” no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adxudicación en lotes.

Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír o proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes,

e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

c. Certificado da secretaría da aprobación do proxecto técnico polo órgano competente.

5. No caso de subministracións:

a. Memoria xustificativa na que se indicará, polo menos, o obxecto e finalidade da subministración.

b. Prescricións técnicas que permitan a adecuada descrición dos bens que constitúen o obxecto da actuación.

6. Certificación da secretaría do concello, da inscrición no inventario municipal da titularidade da vía.

7. Declaración doutras subvencións solicitadas/concedidas para a actuación presentada.

8. Documento contable de “retención de crédito” ou informe actualizado da persoa interventora de existencia de crédito adecuado e suficiente para a achega municipal prevista.

9. Informe da intervención municipal no que se poña de manifesto a incapacidade municipal para o financiamento total do proxecto e se acredite a sustentabilidade financeira do proxecto.

10. Calquera outro permiso, autorización e ou procedemento que sexa necesario para a execución do gasto do investimento subvencionado ou outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexa precisa para a valoración da solicitude.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- Declaro que a entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación da xustificación.

- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria, acepta a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- A entidade que represento utilizou a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, e, no seu caso, elaborou materiais que fomentan a igualdade, tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- A entidade que represento utilizou a lingua galega na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dou lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña.
- Que se repectou a lexislación vixente en materia de contratación pública.
- A entidade que represento adscribiu os bens aos fins e intereses que motivaron a concesión da subvención por un prazo mínimo de dez anos e comprométese a manter a dita adscripción.
- A entidade que represento cumpriu coas obrigas e compromisos asumidos na solicitude.

Documentación:

1. Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
2. Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado.
3. Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
4. Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para o mesmo obxecto, das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto, expedida polo órgano responsable da contabilidade.

5. Acta de comprobación da implantación, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial..
6. Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
7. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a base 7.2 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
8. Relación clasificada dos gastos realizados durante o período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos expedidos dentro do ámbito temporal da subvención.

9. Certificacións de obra expedidas por técnico/a competente de conformidade co proxecto presentado e as súas correspondentes facturas axustadas ao vixente Regulamento do IVE. (deben incorporarse na relación de gastos).
10. Certificado da secretaría do concello da aprobación das facturas polo órgano competente.
11. Acta de recepción, no caso das obras, e albarán de entrega no caso das subministracións.
12. Informe final do técnico/a competente que documente as obras efectivamente realizadas, acompañado de fotografías da obra realizada.
13. De ser o caso, informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente.
14. Acreditación da obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.

No caso de ser necesarias autorizacións doutros organismos, deberá achegarse informe técnico no que se indique que o proxecto cumpre coas condicións contidas na dita autorización.

15. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
16. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades e investimentos subvencionados.
17. No caso de ter recibido o pago do anticipo, acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
18. Declaración do beneficiario indicando que se executou o importe total subvencionado

e que a obra se atopa dispoñible para ser destinada ao fin para o cal se proxectou.

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA REALIZAR ACTUACÍONS DE INVESTIMENTO E DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA MUNICIPAL NO ANO 2025 (DP0046 / 2025)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025", e vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da

**RPT-21603607

Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 00:00 horas do día 3 de xaneiro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 27 de febreiro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA REALIZAR ACTUACÍONS DE INVESTIMENTO E DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA MUNICIPAL NO ANO 2025 (DP0046/2025)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Vías e Obras
Anualidade	2025
Denominación	Programa extraordinario de subvencións para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal
Beneficiarios	Os concellos da provincia da Coruña sen vías provinciais
Programa	DP0046/2025
Aplicación orzamentaria	0410/4532/76201
Importe da convocatoria	300.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder por actuación	Como máximo o importe solicitado
Importe solicitado	Como máximo o 100% do orzamento de gastos
Coeficiente de financiamento	Até o 100% (coeficiente 1,0)
Gasto anticipado	Non

Exposición de motivos

As vías de comunicación terrestres constitúen un elemento esencial para o progreso económico e social das zonas polas que discorren. Dende a Deputación da Coruña faise anualmente un importante esforzo orzamentario para que as estradas da súa titularidade se atopen no mellor estado posible co obxecto de diminuír a siniestralidade viaria e contribuír ó citado progreso económico e social.

Non obstante, na provincia da Coruña existen concellos que non se ven beneficiados deste tipo de actuacións provinciais, dado que por eles non transcorre ningunha vía provincial. Por iso, e de cara a lograr un maior equilibrio co resto dos municipios, establécese, con carácter extraordinario, este programa.

Os concellos destinatarios desta liña poderán utilizar a cantidade asignada nos seguintes tipos de actuacións, sempre en viais de titularidade municipal:

- Construcción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade.
- Ampliacións de calzada e melloras de trazado.
- Eliminación de puntos negros.
- Tarefas de conservación
- Melloras de sinalización e balizamento nas estradas municipais.
- Rehabilitación e mellora de firmes.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, modificado polo Decreto 51/2023, do 11 de maio.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 1: "Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal", e ao seus obxectivos operativos O.1 (Asegurar a prestación por parte dos municipios dos servizos de competencia municipal, individualmente ou en asociación), O.2 (Favorecer as dotacións de equipamentos e infraestruturas necesarias para a prestación de servizos), O.3 (Contribuír á mellor optimización e conservación de instalacións e infraestruturas) e O.4 (Mellora da situación financeira das entidades locais na provincia), mediante o apoio directo á realización de obras en estradas municipais

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1. Obxecto

As axudas obxecto da presente convocatoria financian a realización de actuacións na rede viaria de titularidade municipal dos concellos polos que non discorren vías de titularidade provincial.

A finalidade da convocatoria é a de mellora das vías de comunicación rodada nos concellos afectados.

2.2. Ámbito temporal e prórroga

O período subvencionado comprende entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de setembro de 2026.

No suposto de que a entidade beneficiaria non teña finalizadas as obras a 31 de outubro de 2026, deberá solicitar antes desta data, unha prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

A estes efectos, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da

demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o prazo de execución da obra, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo aprobarase por Resolución da Presidencia, polo prazo imprescindible para a finalización das obras.

2.3. Tipos de actuacións obxecto da subvención

Contémpnanse as seguintes actuacións

- Construcción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade.
- Ampliacións de calzada e melloras de trazado.
- Eliminación de puntos negros.
- Tarefas de conservación
- Melloras de sinalización e balizamento nas estradas municipais.
- Rehabilitación e mellora de firmes.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa os concellos da provincia da Coruña que cumpran os requisitos establecidos nestas bases específicas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
211	Construcións
212	Instalacións técnicas
216	Mobiliario
219	Outro inmovilizado material

A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, **non serán subvencionables** os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se

financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non son compatibles con recursos procedentes do POS+ nin con calquera outra axuda procedente da Deputación.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Cada concello poderá presentar unha única solicitude de actuación dentro do prazo da convocatoria. En todo caso, cada actuación valorarase de forma independente e individualizada segundo os criterios específicos de puntuación das ofertas.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1.- Ámbito local.

Pertencer á administración local da provincia da Coruña.

7.2.- Obrigas económicas.

Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.3.- Difusión do apoio da Deputación.

Facer constar de xeito visible a colaboración do Servizo de Vías e Obras da Deputación da

Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír a marca do Servizo de Vías e Obras da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque axeitadamente.

Os beneficiarios da subvención deberán fixar obrigatoriamente, ao comezo da execución das actuacións financiadas e ata a terminación destas, un cartel indicativo das obras a realizar onde figure que se corresponde cunha subvención da Deputación Provincial da Coruña.

Comunicarlle á Presidencia da Deputación da Coruña e ó Servizo de Vías e Obras, con carácter previo, a presentación das actuacións subvencionadas e campañas de promoción relacionadas.

7.4.- Transversalidade de xénero.

Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

7.5.- Lingua galega.

Utilizar, na comunicación e na produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) á que dea lugar toda a actividade ou investimento subvencionado pola Deputación da Coruña, a lingua galega (segundo o disposto na Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, BOP 186 do 29 de setembro de 2017).

7.6.- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.7.- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

7.8.- Contratación das obras Na condición de promotor, corresponderalle a cada concello a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto.

No procedemento de contratación, deberán axustar toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

Deberán tramitar os contratos mediante o procedemento aberto como regra xeral, nos termos establecidos na Lei 9/2007, de contratos do sector público, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei, o que deberá quedar motivado no expediente.

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

Non entanto, poderán utilizar o contrato menor, no caso de que o o valor estimado sexa inferior a 15.000 € (IVE excluído) nos contratos de servizos ou subministracións, ou inferior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras e de duración inferior a un ano en ámbolos dous casos. Neste suposto deberán solicitar polo menos, tres ofertas de distintas empresas provedoras ou alternativamente, publicar a licitación na Plataforma.

7.9- Execución de obras

A dirección e a execución das obras realizaráas a entidade local correspondente, de conformidade co proxecto técnico da obra, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice os controis adicionais de calidade das obras que considere convenientes.

Se durante a execución das obras xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra inicialmente aprobado, por causas non imputables á beneficiaria e debidamente xustificadas, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei de Contratos do Sector Público e redactar un proxecto modificado, que deberá remitir á Deputación, con anterioridade á súa aprobación polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo

órgano competente.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado íntegramente polo concello.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrncia non competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e será aprobada por resolución da presidencia, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigos 20 a 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no que sexa de aplicación.

O importe máximo da convocatoria será prorrateado entre os concellos solicitantes dacordo cos criterios de ponderación indicados no seguinte punto.

Unha vez examinadas as solicitudes e co informe técnico do Servizo de Vías e Obras favorable, a xefatura do servizo instrutor, en función do resultado do prorrato, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

8.2 Criterios de ponderación

Para a ponderación das solicitudes desta convocatoria seguirase a seguinte fórmula:

Peso quilómetros: $P_{km} = 0,6 * \text{Total km vías municipais de todos os solicitantes}$

Peso núcleos: $P_{nucleos} = 0,4 * \text{Total nº de núcleos de todos os solicitantes}$

Peso total: $P_{total} = P_{km} + P_{nucleos}$

Solicitante: S_i

Peso solicitante: $P_{S_i} = P_{km_s} + P_{nucleos_s} =$

$0,6 * \text{Total km vías municipais do solicitante} + 0,4 * \text{Total nº núcleos do solicitante}$

Factor solicitante: $F_{S_i} = \frac{P_{S_i}}{P_{total}}$

Importe máximo por solicitante: $\text{Importe total da convocatoria} * F_{S_i}$

En calquera caso o importe concedido non poderá ser superior ao importe solicitado.

Os datos para establecer o importe máximo por solicitante obteranse polo servizo instrutor da EIEL (Encosta sobre infraestruturas e equipamentos locais).

8.3 Reparto por concellos

Coa aplicación da fórmula anterior, obtéñense os seguintes importes por concello:

Importe Total	300.000,00 €		P_total	211,042			
<i>Concello</i>	<i>qm. vias municipais</i>	<i>P_km</i>	<i>nº nucleos</i>	<i>P_núcleos</i>	<i>P_s</i>	<i>F_s</i>	<i>Importe máximo concello</i>
A Capela	101,07	60,642	60	24	84,642	0,4010670862	120.320,13 €
Carnota	110,95	66,57	30	12	78,57	0,372295562	111.688,67 €
Fisterra	71,05	42,63	13	5,2	47,83	0,2266373518	67.991,21 €
<i>Totais</i>	283,07	169,842	103	41,2	211,042	1	300.000,00 €

Base 9. Xustificación e pago

As subvencións, salvo nos casos de anticipo, aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

9.1 Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 30 de novembro de 2026, salvo que se teña concedido unha prórroga.

9.2 Xustificación e pagamento da achega

9.2.1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra.

Polo tanto, previa solicitude da entidade local beneficiaria, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol do concello, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (que se detalla no axexo - xustificación):

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado.
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato de obras.
- Acta de comprobación da implantación.
- Relación detallada de todos os ingresos.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a base 7.2 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

9.2.2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación que se detalla no anexo relativo á documentación xustificativa.

Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tanto, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida procederase nos termos regulados no artigo 30.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias. Neste caso, de terse recibido un anticipo deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

Base 10.- Incumplimentos e sancións

A constatación do incumplimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución da concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao disposto na Lei 38/2007, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

O incumplimento dos prazos na **presentación das solicitudes** de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

En todo caso, será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións e compromisos:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás entidades solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral

(cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.

- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nestas bases.
- A entidade que represento comprométese a adecuarse á normativa xeral de contratación pública que lle sexa aplicable.
- A entidade que represento comprométese a comunicarlles aos servizos técnicos da Deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data da sinatura da acta de recepción e da acta de reformulo, co obxecto de posibilitar a asistencia.
- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de dez anos.
- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas o, cando sexa necesario.
- No caso de solicitar subvención para unha fase independente da obra, a entidade que represento declara que conta con financiamento suficiente para finalizar a dita fase e que será susceptible de utilización independente.

Documentación:

11. Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia, no seu caso, no que se especifique o alcance de dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
12. Certificación acreditativa do acordo de solicitude adoptado polo órgano municipal competente.
13. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
14. No caso de obras:
 - d. Proxecto técnico: memoria, plano de conxunto e de detalle, orzamento detallado de execución, estudo xeotécnico, estudo de seguridade e saúde, declaración de obra completa e demais documentación preceptiva de acordo

coas normas contractuais ou sectoriais de aplicación.

e.

f. Informe técnico individual do proxecto presentado, no que se indique expresamente o seguinte:

- i. A dispoñibilidade dos terreos, as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente.

No caso de ser necesarias autorizacións, deberá achegarse informe técnico no que se indique se o proxecto cumpre coas condicións contidas, de ser o caso, na dita autorización.

- ii. Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo unha copia á deputación, ou si solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao disposto no artigo 235 da dita Lei de Contratos do Sector Público.
- iii. No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei de Contratos do Sector Público.
- iv. No informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración “non pode dividirse en lotes” que teñan o carácter de “investimento completo” no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adxudicación en lotes.

Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír o proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes, e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

c. Certificado da secretaría da aprobación do proxecto técnico polo órgano competente.

15. No caso de subministracións:

- a. Memoria xustificativa na que se indicará, polo menos, o obxecto e finalidade da subministración.
- b. Prescricións técnicas que permitan a adecuada descrición dos bens que constitúen o obxecto da actuación.

16. Certificación da secretaría do concello, da inscrición no inventario municipal da titularidade da vía.

17. Declaración doutras subvencións solicitadas/concedidas para a actuación presentada.

18. Documento contable de “retención de crédito” ou informe actualizado da persoa interventora de existencia de crédito adecuado e suficiente para a achega municipal prevista.

19. Informe da intervención municipal no que se poña de manifesto a incapacidade municipal para o financiamento total do proxecto e se acredite a sustentabilidade financeira do proxecto.

20. Calquera outro permiso, autorización e ou procedemento que sexa necesario para a execución do gasto do investimento subvencionado ou outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexa precisa para a valoración da solicitude.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- Declaro que a entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación da xustificación.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria, acepta a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e consente en efectuar voluntariamente o pagamento mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- A entidade que represento utilizou a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, e, no seu caso, elaborou materiais que fomentan a igualdade, tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- A entidade que represento utilizou a lingua galega na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dou lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña.
- Que se repectou a lexislación vixente en materia de contratación pública.
- A entidade que represento adscribiu os bens aos fins e intereses que motivaron a concesión da subvención por un prazo mínimo de dez anos e comprométese a manter a dita adscripción.
- A entidade que represento cumpriu coas obrigas e compromisos asumidos na solicitude.

Documentación:

19. Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
20. Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado.
21. Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
22. Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para o mesmo obxecto, das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto, expedida polo órgano responsable da contabilidade.
23. Acta de comprobación da implantación, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial..
24. Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
25. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a base 7.2 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
26. Relación clasificada dos gastos realizados durante o período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada

na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos expedidos dentro do ámbito temporal da subvención.

27. Certificacións de obra expedidas por técnico/a competente de conformidade co proxecto presentado e as súas correspondentes facturas axustadas ao vixente Regulamento do IVE. (deben incorporarse na relación de gastos).
28. Certificado da secretaría do concello da aprobación das facturas polo órgano competente.
29. Acta de recepción, no caso das obras, e albarán de entrega no caso das subministracións.
30. Informe final do técnico/a competente que documente as obras efectivamente realizadas, acompañado de fotografías da obra realizada.
31. De ser o caso, informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente.
32. Acreditación da obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
No caso de ser necesarias autorizacións doutros organismos, deberá achegarse informe técnico no que se indique que o proxecto cumpre coas condicións contidas na dita autorización.
33. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
34. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades e investimentos subvencionados.
35. No caso de ter recibido o pago do anticipo, acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
36. Declaración do beneficiario indicando que se executou o importe total subvencionado e que a obra se atopa dispoñible para ser destinada ao fin para o cal se proxectou.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos polos que non discorren vías de titularidade provincial.

Segundo. Obxecto

Realización de actuacións na rede viaria de titularidade municipal

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

300.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iníciase ás 00:00 horas do día 3 de xaneiro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 27 de febreiro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos por los que no discurren vías de titularidad provincial.

Segundo. Objeto

Realización de actuaciones en la red viaria de titularidad municipal.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

300.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 00:00 horas del día 3 de enero de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 27 de febrero de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.